



Obra Social "la Caixa"



Concello de
OURENSE



O Ártico rómpese

Dossier de prensa

Xardín do Posío. Ourense

Do 19 de outubro ao 29 de novembro de 2018

Unha mostra itinerante aborda a singularidade dos ecosistemas do Polo Norte a través de espectaculares fotografías de Andoni Canela e innovadores módulos interactivos

A Obra Social "la Caixa" e o Concello de Ourense presentan a exposición *O Ártico rómpese*

- Que o Ártico se rompe non é ningunha novidade, certifícanos as cifras. En setembro do 2012 superouse o mínimo histórico de xeo no banco polar. A superficie xeadá reduciuse o 18% con respecto ao anterior mínimo, unha perda que equivale case ao dobre da superficie de España. Nos últimos vinte e cinco anos perdéronse tres cuartas partes da capa de xeo mariño do océano Ártico. O grosor medio dese xeo mariño é hoxe o 50% menor que hai unhas décadas. Ante esta situación, dentro de trinta anos o océano Ártico podería quedar sen xeo durante o verán.
- A exposición da Obra Social "la Caixa" *O Ártico rómpese* ten por obxecto mostrar a singularidade dos ecosistemas do Polo Norte, detallando o importante papel que xogan no clima global, así como as súas características físicas e a súa biodiversidade. E todo isto, a través dun cento de abraiantes fotografías dun dos máis prestixiosos fotógrafos de natureza, Andoni Canela. As instantáneas deste vasto, inhóspito e impresionante territorio, realizadas expresamente para a mostra, permitiránlles aos visitantes percorrer os 200 metros cadrados que ocupa a exposición.
- Para coñecer máis de preto estes valiosos ecosistemas e valorar a súa importancia, a mostra preséntase dividida en catro ámbitos: o clima ártico, a vida nunha situación extrema, a pegada humana e as luces do norte.
- A mostra poderase ver nun exclusivo e innovador espazo que recrea o xélido ambiente do Ártico. No seu interior será posible descubrir, por exemplo, por que non se conxelan as patas dos animais, ou se o oso polar é en realidade branco, ademais de escoitar un conto *inuit-yupik*,

música *sami* e unha morea de cousas máis que acercarán os visitantes ao Ártico. A exposición organizada pola Obra Social “la Caixa” en colaboración co Concello de Ourense, poderase visitar no Xardín do Posío, ata o vindeiro 29 de novembro de 2018.

Ourense, 19 de outubro de 2018.- O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez; e director de Área de Negocio de CaixaBank en Ourense, Fernando Garza; presentaron hoxe a exposición itinerante *O Ártico rómpese*, unha singular mostra cuxa finalidade é dar a coñecer o importantísimo papel dos ecosistemas do Polo Norte e concienciar da importancia da conservación da rexión polar.

As altas temperaturas dos últimos veráns aceleraron o desxeo superficial do Ártico. As fracturas de icebergs non fan máis que evidenciar os síntomas do proceso de transformación dunha das zonas máis sensibles da Terra. Estes cambios, que están desencadeando unha aceleración do cambio climático, afectarán ao clima de todo o planeta.

A exposición pretende fomentar o pensamento crítico e sensibilizar sobre un problema ambiental importante: os efectos do cambio climático no Ártico e as súas consecuencias para o resto do planeta.

Unha parte importante da exposición está formada polas fotografías de Andoni Canela, que viaxou por Groenlandia, Alasca, Canadá, Svalbard, Islandia, Rusia e Laponia e achéganos á realidade recente da rexión ártica.

O Ártico rómpese conta tamén con audiovisuais que explican que é unha aurora boreal ou as diversas clases de xeo, e interactivos onde, entre outros, se mostra como se desfán os casquetes polares e é posible observar o pelo dun oso polar, liques e plantas carnívoras.

Ademais, un conxunto de pezas procedentes de Nunavut (Canadá) e o norte de Alaska achégannos á vida e cultura dos seus habitantes. Os visitantes poden escoitar un conto *inuit-yupik* e música *sami*, sentíndose inmersos na extraordinaria rexión ártica.

Un exclusivo e innovador espazo creado especialmente para a mostra simula un paseo entre icebergs. As pezas e imaxes que integran a exposición están dispostas sobre paredes irregulares e xeométricas que recordan as paredes de xeo e xogan coas súas numerosas gradacións de brancos e azuis.

O clima ártico

Os glaciares e ecosistemas árticos encerran a historia do clima do noso planeta. Tamén son valiosos indicadores das alteracións climáticas que están ocorrendo na actualidade. Por iso o seu valor é incalculable para a ciencia, e os científicos traballan en distintos programas de investigación centrados no Ártico.

Ao longo do percorrido deste ámbito móstranse as diferenzas existentes entre os tipos de xeo que se encontran na rexión ártica: icebergs, glaciares, banco... Explícase o papel que xogan como reguladores no clima terrestre, constatándose a súa importancia. Tamén se pode gozar da beleza das formas dos cristais cos que se forma o xeo. E un multimedia esférico descobre a duración da noite ártica e outras moitas singularidades.

A vida nunha situación extrema

A pesar do duro clima, o ecosistema ártico acolle unha gran variedade de seres vivos. Estas especies desenvolveron significativas estratexias que lles permiten illarse ou soportar o frío, camiñar sobre a neve e camuflarse na contorna.

Coa diminución do xeo ártico, animais como os osos polares poderían estar en perigo, algunhas aves migratorias chegarán a perder as súas niñadas debido á falta de terreo estable, e algúns dos vexetais máis resistentes do planeta, como son os musgos e os liques que poboan a tundra, poderán ser substituídos por especies máis meridionais.

No Ártico, animais e plantas convertéronse en mestres da supervivencia. Neste ámbito é posible coñecer distintas estratexias de adaptación tanto en plantas como en animais. Entre elas, o caso do carrán ártico, que é capaz de dar a volta ao mundo e regresar cada verán ao mesmo sitio, ou plantas que comen insectos, entre outras particularidades.

A pegada humana

Máis de vinte grupos étnicos viven arredor do océano Ártico. Agora intentan adaptarse ás modificacións que o cambio global está producindo no seu contorno, loitando por non perder as súas tradicións.

Para achegarnos aos habitantes do Ártico e coñecer a súa forma de vida, móstranse a roupa e os utensilios dos *inuit*, maquetas das casas onde viven, etc, todo isto co fin de aproximarnos á súa cultura.

Debaixo do xeo agóchanse grandes tesouros, como por exemplo gas natural, petróleo, carbón, ferro, níquel e ouro. A presión económica é moi forte e moitos esperan as oportunidades que supoñerá a desaparición do xeo. Que ocorrerá con este valioso ecosistema?

As luces do norte

As auroras boreais constitúen un marabilloso espectáculo celeste. Prodúcese cando partículas orixinadas no Sol (vento solar) alcanzan a atmosfera terrestre. Entender como se orixinan estes fenómenos e gozar da contemplación das auroras boreais escoitando lendas *inuit* servirá para poñer punto final á mostra.

Un espazo expositivo, exclusivo e innovador

Para a exhibición da exposición *O Ártico rómpese*, o departamento de I+D da Obra Social "la Caixa" deseñou un espazo especial e innovador, a UD 100. Un sistema converte a caixa dun colector nun espazo expositivo de 100 metros cadrados libres (neste caso de 200), e unha altura na súa parte central de ata 5,5 metros. O sistema desenvolvido permite así mesmo unir ata tres UD 100, obtendo un espazo para albergar exposicións de ata 300 metros cadrados.

Neste caso, as dúas UDS recrean a sensación do xélido ambiente do Ártico coa axuda de música e sons propios desta valiosa parte do planeta. Así, os visitantes sentiranse inmersos neste remoto e extraordinario lugar que é o Ártico.

Un sofisticado sistema hidráulico de autonivelación controlado mediante unha pantalla táctil permite, nun tempo récord, que dous técnicos asuman as tarefas de despregamento da UD 100 dende a apertura completa do habitáculo ata o asentamento completo no terreo: un deles dirixe os movementos e o outro contrólaos, confirmar ou abortar ante calquera imprevisto. O sistema individualizado de ancoraxe ao chan permite de feito corrixir desniveis de ata o 3 por cento.

Púxose especial énfase no apartado de sostenibilidade, concretamente no consumo enerxético, mediante paneis dobres con cámara de aire, concepto este diametralmente oposto á habitual lona usada nas carpas. O deseño do teito, disposto en forma triangular e cunha xanela orientable, facilita así mesmo e de forma controlada a evacuación do aire quente acumulado na zona superior. Por último, un moderno sistema de refrixeración natural (*free cooling*) complementa a optimización da enerxía para o mantemento do clima desexado.

Para a iluminación, a UD emprega o sistema led en formato de focos e tiras encaixables de baixo consumo.

Con este novo espazo, a Obra Social "la Caixa" divulga o coñecemento científico, social e cultural a un público máis amplo. Estas exposicións, itinerantes por distintas poboacións e que se instalan en espazos cedidos polos municipios, pretenden acadar o máximo número posible de persoas.

O Ártico rómpese

Do 19 de outubro ao 28 de novembro de 2018

Xardín do Posío

Ourense

Inauguración: venres, 19 de outubro ás 11 h

Horario: de luns a venres, de 12.30 a 14 h e de 17 a 21 h
Sábados, domingos e festivos, de 10.30 a 14.30 h e de 16.30 a 21 h

Visitas escolares: previa cita no teléfono 900 80 11 37

Visitas guiadas: de luns a venres, ás 18 h
Sábados, domingos e festivos, ás 13 y 18 h

Visitas grupos escolares e outros colectivos: de luns a venres, de 9.30 a 13.30 h e de 15 a 17 h

Servizo de Información Obra Social “la Caixa”:

900 22 30 40

info@fundacionlacaixa.org

Área de Comunicación da Obra Social “la Caixa”

Victoria Lobato: 629 732351 vlcomunicacion@vlcomunicacion.com

Sala de Prensa Multimedia: <http://prensa.lacaixa.es/obrasocial>